

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

RESOLUCIÓN do 30 de abril de 2026, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se resolve o concurso específico de méritos para a provisión de postos de traballo vacantes nas fiscalías de Galicia.

Visto o que dispoñen as bases da Resolución do 18 de febreiro de 2026, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso específico, de postos de traballo vacantes nas Fiscalías de Galicia, así como o artigo 49 e seguintes do Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, e unha vez que a Comisión de Valoración elevou proposta definitiva de valoración de méritos, así como proposta definitiva de adxudicación dos postos ofertados no concurso, e que se acreditou a observancia do procedemento debido e se valoraron os méritos das persoas candidatas, en uso das competencias que me atribúe a normativa vixente,

RESOLVO:**Primeiro**

Aprobar a proposta definitiva de valoración de méritos efectuada pola Comisión de Valoración do concurso específico.

Segundo

Resolver o concurso específico adxudicando os postos convocados ás persoas funcionarias que se relacionan no anexo.

Terceiro

Publicar esta resolución no *Boletín Oficial del Estado* e mais no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto na base sétima da convocatoria.

Cuarto

O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se non implica cambio de localidade, ou de oito días se implica cambio de localidade dentro da Comunidade Autónoma.

CVE-DOG: x7r01sn0-64n0-gb66-o0y8-nvjhlodyt8y3



O prazo de toma de posesión comezará a contar a partir do día seguinte ao do ceseamento, que se deberá efectuar dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado* e mais no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que a dita publicación non se faga asemade en ambos, terase en conta a data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben poderá ser impugnada directamente ante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, todo isto de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2026

José Tronchoni Albert
Director xeral de Xustiza

ANEXO

Código do posto	Denominación	Centro de destino	Localidade	Persoa adxudicataria
XG9257804015770601.06	Coordinador/a da Oficina de Fiscalía II	Fiscalía de Área	Santiago de Compostela	Lucía Pérez Diéguez
XG9257702015001602.07	Responsable de Estatística, Rexistro e Calidade III	Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia	A Coruña	Francisco Javier Filgueiras Jaspe

CVE-DOG: x7r01sn0-64n0-gb66-o0y8-nvjhlodyt8y3

